



concello do
Pereiro

Manual de identidade corporativa





O símbolo

O símbolo é a unidade mínima de identificación do Concello do Pereiro.

Debe ser representado de forma coherente en calquera soporte ou plataforma para garantir o recoñecemento do Concello.



A marca gráfica principal

O identificador básico do Concello do Pereiro de Aguiar.

A combinación do escudo co texto "Concello do" e "Pereiro" escrito en dous tamaños de fonte diferentes coa familia tipográfica "Marinaio Serif" no estilo "bold" compoñen a marca gráfica principal do Concello.



Medidas e proporcións

Sobre o grosor do trazo do símbolo constrúese a retícula de composición da identidade gráfica do Concello.

A verbalización de "Concello do Pereiro" sitúase levemente máis abaixo respecto do centro do símbolo para compensar os pesos visuais e manter a estabilidade da marca.



Área de protección

A indicada arriba é a distancia mínima que non se debe invadir no momento da representación gráfica do logotipo, sexa cal sexa o formato ou plataforma na que se decida plasmar a marca do Concello.

Tómase coma referencia a coroa do escudo.



90mm 12pt / 50.3pt



50mm 6.6pt / 27.6pt



30mm 3.9pt / 16.6pt



Pereiro

Tres opcións para tamaños inferiores a 28mm de ancho.

Tamaño mínimo

O tamaño mínimo establecido para o logotipo convencional é de 30mm de ancho, para versións inferiores a esta medida temos unha variación que leva so a palabra "Pereiro" e vai integrada co símbolo.

Tamén podemos utilizar o escudo aislado ou a palabra "Pereiro" do logotipo para estes tamaños tan reducidos.

<p><i>Logotipo en cores corporativas</i></p> 	<p><i>Logotipo en cores corporativas sobre fondo moi claro</i></p> 
<p><i>Logotipo en negro sobre fondo branco</i></p> 	<p><i>Logotipo en negro sobre fondo claro</i></p> 
<p><i>Logotipo en branco sobre fondo negro</i></p> 	<p><i>Logotipo en branco sobre fondo claro</i></p> 
<p><i>Logotipo en branco sobre cor verde corporativo</i></p> 	<p><i>Logotipo en branco sobre cor granate corporativo</i></p> 

Logotipo en positivo e negativo

A marca do Concello do Pereiro utilizarase en positivo e en cor sempre que sexa posible seguindo as indicacións deste manual.

No caso de ir sobre negro ou sobre cores escuras, este irá en cor branco, no caso de que a cor de fondo sexa clara usaremos a cor negra. Se a cor de fondo é clara case fundida co branco, poderemos utilizar o logotipo na súa versión normal en cores corporativas.



Logotipo sobre fotografías

O logotipo do Concello do Pereiro sobre fotografía utilizarase en branco sempre que o texto sexa lexible.

En caso contrario irá sobre unha banda branca respectando os espazos de seguridade do logotipo especificados neste manual e deixando espazo tamén ao redor da banda branca por 3 dos seus lados a ser posible, como se amosa no exemplo.



Usos incorrectos

A marca do Concello do Pereiro non se debe estirar nin encoller, débese respectar a súa proporción independentemente do formato.

Non se debe engadir contorno de ningún tipo en ningún elemento do logotipo, para manter a visibilidade do mesmo utilizaranse as fórmulas explicadas no apartado anterior.

Non deberemos reducir a opacidade, modificar

o contraste nin calquera outro tipo de axuste fotográfico independentemente do obxectivo, recurrir sempre ás normas de visibilidade explicadas anteriormente.

Non se pode reducir o logotipo a tamaños ilexibles e debemos intentar posicionar a marca sobre o deseño primando a súa lexibilidade e respectando marxe de seguridade.



Manual de identidade corporativa do Concello do Pereiro

Última actualización Maio de 2022

